# INSTRUCIÓNS INTERNAS DE CONTRATACIÓN

# DA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

**ÍNDICE**

**- DISPOSICIÓNS XERAIS –**

1.- Antecedentes.
2.- Obxecto das Instrucións.
3.- Cualificación e réxime xurídico dos contratos.
4.- Necesidade e idoneidade do contrato.
5.- Ámbito de aplicación e negocios e contratos excluídos.
6.- Cualificación dos contratos e clases e tipos de contratos a celebrar pola S.A. Xestión CESGA.
7.- Forma dos contratos.
8.- Liberdade de pactos.
9.- Perfección dos contratos.
10.- Prezo e contía dos contratos.
11.- Cómputo de prazos.
12.- Duración dos contratos e prórrogas.
13.- Perfil do Contratante.
14.- Órganos de contratación da S.A. Xestión CESGA.
15.- Responsable do Contrato.
16.- Capacidade e solvencia do empresario.
17.- Réxime de garantías.
17.1.- Garantía provisional.
17.2.- Garantía definitiva e complementaria.
18.- Sucesión no procedemento.
19.- Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación.
20.- Racionalización da contratación.
21.- Cuestión de nulidade e recurso especial en materia de contratación.
22.- Modo de solución de controversias e xurisdición competente.

## - CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA –

23.- Preparación.

23.1.- Limiares.

23.2.- Preparación.

23.3.- Regras especiais para a preparación de determinados contratos.

23.3.1.- Regras aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

23.3.2.- Regras aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras.

23.3.3.- Regras aplicables ás actuacións preparatorias dos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

23.4.- Publicidade dos procedementos de licitación.

23.4.1.- Anuncio previo.

23.4.2.- Anuncio de licitación.

23.4.3.- Anuncio de adxudicación e da formalización do contrato.

23.4.4.- Notificación da adxudicación aos candidatos e licitadores.

23.5.- Adxudicación.

23.5.1.- Criterios de valoración das ofertas.

23.5.2.- Órganos de Asistencia.

23.5.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

23.5.4.- Procedementos de adxudicación.

23.5.4.1.- Procedemento aberto.

23.5.4.2.- Procedemento restrinxido.

23.5.4.3.- Procedemento negociado.

23.5.5.- Regras procedimentais aplicables en supostos de urxencia.

24.- Contratos de servizos incluídos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).

## - CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA-

25.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada cuxo valor estimado sexa superior a 50.000 euros e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II cuxo valor estimado sexa inferior a 197.000 euros e superior a 50.000 euros.

25.1 Preparación.

25.2.- Publicidade.

25.3.- Adxudicación.

25.3.1.- Criterios de valoración de ofertas.

25.3.2.- Procedementos de adxudicación.

25.4.- Tramitación de urxencia.

26.- Contratos, salvo os de obras, de valor estimado igual ou inferior a 50.000 euros (IVE excluído).

27.- Contratos menores.

## - EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS -

28.- Facturación, pagamento e transmisión dos dereitos de cobro.

29.- Reserva no contrato do dereito potestativo de modificación e resolución.

30.- Modificación do contrato.

31.- Suspensión.

32.- Cesión e subcontratación do contrato.

33.- Cumprimento dos contratos e recepción da prestación. Prazo de garantía.

34.- Penalidades.

35.- Causas de resolución.

36.- Aplicación e efectos das causas de resolución.

37.- Indemnización de danos e prexuízos.

38.- Principio de risco e ventura.

39.- Confidencialidade.

40.- Normas especiais para contratos de obras, concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, subministracións, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado.

40.1.- Contrato de obras.

40.2.- Contrato de concesión de obras e de servizos.

40.3.- Contrato de subministración.

40.4.- Contrato de servizos.

40.5. Contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

**- DISPOSICIÓNS FINAIS -**

41.- Idioma.

42.- Cómputo de prazos.

43.- Aplicabilidade das presentes Instrucións.

44.- Novas tecnoloxías.

## - DISPOSICIÓNS XERAIS -

### 1.- Antecedentes.

A Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (en diante S.A.X. CESGA), xorde do compromiso da Xunta de Galicia de promover servizos comúns de apoio ás tarefas de investigación e, por outra banda, do interese do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (en diante CSIC) por promocionar en Galicia un contorno de traballo na área do cálculo intensivo, comunicacións e servizos avanzados na sociedade da información e o coñecemento.

A misión principal da S.A.X.CESGA é a promoción de servizos comúns de apoio á investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións, en Galicia e na comunidade investigadora do CSIC. Para o desenvolvemento desta misión, a S.A.X. CESGA ven promovendo actuacións tendentes á innovación e mellora na prestación de servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas así como actividades encamiñadas a favorecer solucións no campo da sociedade do coñecemento.

Por outra banda, a S.A.X. CESGA desenvolve actuacións de promoción e difusión do uso de tecnoloxías de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas, así como actuacións de promoción e difusión do uso de tecnoloxías relacionadas coa sociedade do coñecemento incluíndo o comercio electrónico, o e-learning e os sistemas de información xeográfica.

A S.A.X. CESGA encóntrase participada maioritariamente pola Xunta de Galicia, co 70 por 100 do seu capital social, ostentando o CSIC o 30 por 100 restante do seu capital. Posto que dende a súa constitución a S.A.X. CESGA se atopa financiada maioritariamente con fondos públicos da Comunidade Autónoma galega e, posto que procura coa súa actividade o interese xeral, considerouse necesario dende as súas orixes tomar como referencia, á hora de regular o seu réxime contractual, a Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación en materia de Persoal e Contratación das empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, así como a normativa de contratación das Administracións Públicas que lle era de aplicación. Así mesmo, os seus procedementos de contratación fóronse adaptando aos cambios normativos e, en particular, aos requirimentos contemplados na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.

A S.A. Xestión CESGA precisa de forma habitual a contratación de empresas ou institucións para a realización de traballos de diversa índole, que non pode executar con persoal propio, orientados a satisfacer axeitadamente as necesidades dos proxectos e actividades que ven desenvolvendo en cumprimento do seu obxecto social.

O 31 de outubro de 2007, publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), que derroga na súa práctica totalidade o Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A LCSP regula con maior ou menor intensidade os procedementos de contratación daquelas entidades que, como acontece coa S.A. Xestión CESGA, forman parte do sector público, en función da natureza xurídica das mesmas e dos contratos que celebren.

Na S.A. Xestión CESGA cúmprense as tres condicións legais para que sexa considerada como poder adxudicador posto que ten personalidade xurídica, está creada para satisfacer necesidades de carácter xeral e non industrial ou mercantil e, finalmente, está financiada maioritariamente polas Administracións Públicas que son sempre poderes adxudicadores, segundo dispón o artigo 3.3 da LCSP, o que vén determinar o marco xurídico aplicable aos seus procedementos de contratación, así como a necesidade de dotarse dunhas instrucións internas de contratación de acordo co previsto no artigo 175 da LCSP.

Posto que dende a entrada en vigor da LCSP producíronse numerosos cambios normativos que afectan á contratación do sector público, resulta necesario adecuar as Instrucións. Por tal motivo, e ao abeiro da Instrución 42, o Consello de Administración da S.A. Xestión CESGA, na súa reunión de 18 de outubro de 2010, acordou adaptar as Instrucións co fin de recoller nelas os cambios introducidos na normativa de contratos do sector público, principalmente coa entrada en vigor da Lei 34/2010, de 5 de agosto, pola que se modifica, entre outras, a LCSP, e do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

As presentes Instrucións son de obrigado cumprimento tanto para os empresarios que vaian a contratar coa S.A. Xestión CESGA como para a propia Sociedade, tal e como sinala a LCSP, polo que se poñen a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos regulados nelas e publicados no Perfil do Contratante da páxina web da S.A. Xestión CESGA: www.cesga.es.

**2.- Obxecto das Instrucións.**

As presentes Instrucións, no marco da LCSP, teñen por obxecto regular a contratación da S.A. Xestión CESGA, co fin de garantir que a mesma se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

É igualmente obxecto destas instrucións a previsión das cláusulas a introducir nos pregos de condicións en relación coa regulación dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos que se asinen.

Aínda que o obxecto destas instrucións é, esencialmente, articular os procedementos de contratación non suxeitos a regulación harmonizada, nas

presentes instrucións faise referencia aos contratos suxeitos a regulación harmonizada co obxecto de identificalos, precisar as disposicións da LCSP que configuran o seu marco xurídico e sinalar a xurisdición competente para coñecer dos actos que dite a S.A. Xestión CESGA en relación cos mesmos, todo iso co obxecto de clarificar, dende a perspectiva das presentes Instrucións, o novo réxime xurídico de contratación aplicable a S.A. Xestión CESGA.

**3.- Cualificación e réxime xurídico dos contratos.**

Os contratos celebrados pola S.A. Xestión CESGA teñen a consideración de contratos privados, de acordo co previsto no artigo 20.1 da LCSP.

Os contratos rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable aos poderes adxudicadores non Administracións Públicas ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes instrucións ou os pregos de condicións ou contratos, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

**4.- Necesidade e idoneidade do contrato.**

De acordo co artigo 22 da LCSP, a S.A. Xestión CESGA non poderá celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, determinaranse con precisión, deixando constancia disto no expediente de contratación, antes de iniciar o procedemento para a súa adxudicación.

**5.- Ámbito de aplicación e negocios e contratos excluídos.**

Están sometidos ás presentes Instrucións, na forma e termos previstos nelas, os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebre a S.A. Xestión CESGA.

Están excluídos do ámbito das presentes Instrucións os seguintes negocios e relacións xurídicas:

1. Os contratos regulados na lexislación laboral, os celebrados con traballadores autónomos dependentes e bolseiros.

2. Os negocios e relacións xurídicas regulados no artigo 4 da LCSP, na medida en que sexan aplicables ao poder adxudicador.

## 6.- Cualificación dos contratos e clases e tipos de contratos a celebrar pola S.A. Xestión CESGA.

Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración, servizos e colaboración entre o sector público e o sector privado que celebre a S.A. Xestión CESGA, cualificaranse de acordo coas normas contidas na LCSP.

Os restantes contratos cualificaranse segundo as normas de dereito privado que lles sexan de aplicación.

En particular, considerarase contrato de concesión de servizos aquel, en virtude do cal, a S.A. Xestión CESGA encomende a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo propio da S.A. Xestión CESGA, presentando as mesmas características que o contrato de servizos, coa salvidade de que a contrapartida da prestación de servizos consiste, ou ben unicamente no dereito a explotar o servizo, ou ben no devandito dereito acompañado dun prezo.

Os contratos que pode celebrar a S.A. Xestión CESGA clasifícanse nas seguintes categorías esenciais:

a) Contratos suxeitos a regulación harmonizada.
b) Contratos de servizos das categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).
c) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada cuxo valor estimado sexa superior a 50.000 euros (IVE excluído) e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II cuxo valor estimado sexa inferior a 193.000 euros (IVE excluído) e superior a 50.000 euros (IVE excluído).
d) Contratos, salvo os de obras, cuxo valor estimado sexa igual ou inferior a 50.000 euros, (IVE excluído).
e) Contratos menores.

As anteriores contías estarán suxeitas ao réxime de modificación de importes previsto na Disposición Adicional decimoterceira da LCSP.

A efectos de determinar a clase de contrato e, por conseguinte, os trámites a seguir para a súa adxudicación, computarase o importe das prórrogas incluídas nos contratos como parte integrante do importe total do mesmo, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido.

## 7.- Forma dos contratos.

Os contratos subscritos pola S.A. Xestión CESGA, salvo que sexan cualificables como menores (Instrución 27), deberán formalizarse en documento privado no prazo establecido no prego de condicións.

Preverase no prego de condicións a posibilidade de elevación a escritura pública do contrato cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento

A obriga de formalización do contrato recollerase no prego de condicións, prevíndose, así mesmo, que cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo establecido, o órgano de contratación poderá resolver o contrato, seguindo o procedemento establecido no artigo 109 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O contrato que se formalice conterá as seguintes mencións:

- Identificacións das partes.
- Xustificación da capacidade dos asinantes para subscribilo.
- Definición do obxecto.
- Referencia á lexislación aplicable.
- Enumeración dos documentos que integran o contrato.
- Prezo.
- Prazo de execución e, no seu caso, prazos parciais, datas para o comezo da execución e para a súa finalización, así como, a/s prórroga/s que se previsen nos pregos de condicións.
- Condicións para a recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- Condicións de pagamento.
- Causas de resolución.
- Crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo.
- No seu caso, extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que se impoña ao contratista.

O documento contractual non poderá incluír estipulación que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos no prego de condicións, concretados, no seu caso, na forma que resulte da oferta do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles.

**8.- Liberdade de pactos.**

Con suxeición ao disposto nas presentes Instrucións, nos contratos celebrados pola S.A. Xestión CESGA poderán incluírse calquera pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.

**9.- Perfección dos contratos.**

Os contratos celebrados pola S.A. Xestión CESGA perfeccionaranse coa súa formalización (Instrución 7) e entenderanse celebrados no lugar onde radica a sé da S.A. Xestión, salvo previsión expresa en contrario no clausulado dos mesmos.

**10.- Prezo e contía dos contratos.**

Resultan de aplicación as normas do artigo 75 da LCSP sobre o prezo, agás a prohibición de pago aprazado do artigo 75.7, que só rexe para as Administracións Públicas, polo que a S.A. Xestión CESGA poderá introducir esta modalidade de pago nos contratos que celebre.

Os prezos establecidos nos contratos celebrados pola S.A. Xestión CESGA poderán ser revisados ou actualizados na forma pactada no contrato, á alza ou á baixa, co gallo de tomar en consideración as posibles variacións económicas que xurdan durante a execución do contrato. Os pregos de condicións deberán establecer a correspondente fórmula ou sistema de revisión de prezos, en cuxo caso poderán remitirse á regulación establecida na LCSP respecto das Administracións Públicas.

O valor estimado dos contratos será o importe total do contrato, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, tendo en conta a eventual ou eventuais prórrogas do contrato, na forma prevista no artigo 76 da LCSP.

En particular, no expediente de contratación, como partida independente do prezo do contrato, indicarase o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba soportar a S.A. Xestión CESGA.

**11.- Cómputo de prazos.**

Os prazos establecidos por días nas presentes Instrucións entenderanse referidos a días naturais, salvo que nas mesmas se indique expresamente que só deben computarse os días hábiles. Non obstante, se o último día do prazo fose inhábil, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

**12.- Duración dos contratos e prórrogas.**

A duración dos contratos deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións que se pretenden contratar, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización das mesmas.

Os contratos que celebre a S.A. Xestión CESGA poderán prever unha ou varias prórrogas sempre que:

- as características dos mesmos permanezan inalterables durante a súa vixencia e,
- que na concorrencia para a súa adxudicación se tivera en conta a duración total do contrato, incluídas as prórrogas.

O número total de prórrogas que se prevexan e a súa duración máxima deberá constar expresamente no prego de condicións.

As prórrogas serán establecidas polo órgano de contratación e serán obrigatorias para os empresarios, agás que se prevexa outra posibilidade no contrato, sen que en ningún caso a prórroga poida ter lugar mediante consentimento tácito das partes contratantes.

Os contratos menores que celebre a S.A. Xestión CESGA terán unha duración inferior a un ano e non poderán prorrogarse.

**13.- Perfil do Contratante.**

De conformidade co artigo 42 da LCSP, e co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da S.A. Xestión CESGA, o órgano de contratación difundirá, a través da súa páxina web, o seu perfil do contratante.

No perfil do contratante constará canta información resulte relevante en relación cos procedementos de contratación que celebre a S.A. Xestión CESGA e, en todo caso, a que se esixa expresamente na LCSP, nas presentes Instrucións, e no artigo 10 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A forma de acceso ao perfil do contratante especificarase na páxina web da S.A. Xestión CESGA, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, nos pregos de condicións e nos anuncios de licitación.

Co obxecto de cumprir coas esixencias do artigo 175 da LCSP, as presentes Instrucións publicaranse no perfil do contratante da S.A. Xestión CESGA, quedando a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos que se vaian a celebrar por dita entidade.

**14.- Órganos de contratación da S.A. Xestión CESGA.**

En canto ao órgano de contratación de S.A. Xestión CESGA, estarase ao que dispoñan ao efecto as súas normas estatutarias vixentes e aos acordos que o seu Padroado adopte ao respecto, debendo figurar expresamente nos pregos de condicións e no contrato que se formalice no expediente de contratación.

**15.- Responsable do Contrato.**

O órgano de contratación poderá designar un Responsable do Contrato quen asumirá a función de supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta execución da prestación que constitúa o obxecto de contratación, de acordo coas facultades que lle outorgue o órgano de contratación.

O nomeamento do Responsable do contrato será comunicado aos contratistas.

O exercicio desa función poderá atribuírse a unha persoa física ou xurídica, vinculada á S.A. Xestión CESGA ou allea a ela; neste último caso a súa designación requirirá a celebración do oportuno contrato de servizos.

Nos contratos de obras, as facultades do Responsable do Contrato entenderanse sen prexuízo das que correspondan ao Director Facultativo das mesmas.

**16.- Capacidade e solvencia do empresario.**

Aplicaranse os artigos 43 e seguintes da LCSP en canto á capacidade e solvencia dos empresarios. En particular, non poderán contratar co poder adxudicador as persoas en quen concorra algunha das circunstancias no artigo 49.1 da LCSP.

Nos mesmos supostos nos que a LCSP esixe clasificación, o poder adxudicador poderá esixir nos pregos de condicións unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para asinar o correspondente contrato. Poderase esixir tamén a clasificación e unha solvencia de forma subsidiaria para o caso de non dispoñer de clasificación, que fose equivalente a aquela.

A clasificación dos empresarios acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivera e para a celebración da cal non se esixa estar en posesión desta.

A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional acreditarase mediante a achega dos documentos que se determinen polo órgano de contratación de entre os previstos nos artigos 64 a 68 da LCSP. O órgano de contratación indicará nos pregos as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que os empresarios deberán acreditar. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os mesmos indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato, debendo estar vinculado ao seu obxecto e ser proporcionais a este.

O órgano de contratación poderá admitir outros medios de proba da solvencia distintos dos previstos nos artigos 64 a 68 para os contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada. Se se opta por esta posibilidade, a documentación requirida para acreditar a solvencia débese indicar no anuncio de licitación e especificarse no prego do contrato, en todo caso deberá estar vinculada ao seu obxecto e ser proporcional a este.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

A S.A. Xestión CESGA poderá esixir aos licitadores que sexan persoas xurídicas que especifiquen, na súa oferta ou na súa solicitude de participación os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación.

A S.A. Xestión CESGA poderá esixir aos candidatos ou licitadores, facéndoo constar no prego de condicións que, ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para isto. Estes compromisos integraranse no contrato e terán o carácter de obrigacións esenciais.

Os licitadores que estean inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, coa presentación do certificado de estar inscrito no mesmo quedarán eximidos de achegar a documentación xustificativa da personalidade e da representación. No obstante, o órgano de contratación poderá requirir a devandita documentación ou unha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias que contén o correspondente certificado non experimentaron variación, se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato ou por calquera outra causa xustificada.

## 17.- Réxime de garantías.

### 17.1.- Garantía provisional.

O órgano de contratación poderá esixir aos licitadores a constitución dunha garantía provisional que responda do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato. O importe desta garantía non poderá ser superior ao 3 por 100 do orzamento do contrato, excluído o Imposto Sobre o Valor Engadido.

Cando o órgano de contratación decida esixir unha garantía provisional deberá xustificar suficientemente no expediente as razóns polas que estima pertinente a súa esixencia para ese contrato en concreto.

A garantía provisional poderá ser constituída en calquera das formas establecidas no artigo 84 da LCSP, e con suxeición ás demais condicións fixadas regulamentariamente.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato ou, no seu caso, de declararse deserta a licitación. En todo caso, a garantía provisional será retida ao licitador cuxa proposición fora seleccionada para a adxudicación ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

### 17.2.- Garantía definitiva e complementaria.

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar, en calquera das modalidades especificadas no artigo 84 da LCSP, a constitución dunha garantía definitiva, por importe do 5 por 100 do importe da adxudicación, excluído o Imposto Sobre o Valor Engadido.

O prazo máximo para acreditar a constitución da garantía definitiva será de dez ou tres días hábiles, segundo se trate de contratos suxeitos ou non a regulación harmonizada, contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento de documentación ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

En caso de tratarse de contratos con prezos provisionais dos previstos no artigo 75.5 da LCSP, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado. Cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír será fixado atendendo ao orzamento base de licitación.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de contratación, en función das circunstancias concorrentes no contrato, poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituír a garantía definitiva, previa xustificación nos pregos de condicións.

A garantía definitiva non será devolta ou cancelada ata que transcorra o prazo de devolución fixado no contrato e se cumprira satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

Asemade, e en casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer no prego de condicións que, ademais da garantía definitiva, sexa prestada unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo acadar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato.

**18.- Sucesión no procedemento.**

No caso de que durante a tramitación dun procedemento de contratación e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederalle na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de condicións para poder participar no procedemento de adxudicación.

**19.- Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación.**

No caso en que o órgano de contratación renuncie a asinar un contrato para o que efectuara a correspondente convocatoria, ou decida reiniciar ao procedemento para a súa adxudicación, notificarao aos candidatos ou licitadores.

A renuncia á celebración do contrato ou a desistencia do procedemento so poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación.

En ambos os dous casos compensarase aos candidatos ou licitadores polos gastos en que incorresen, na forma prevista no anuncio ou no prego de condicións, ou de acordo aos principios xerais que rexen a responsabilidade por danos.

So poderá renunciarse á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente de contratación. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

A desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente de contratación a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

En todo caso nos pregos de condicións deberá facerse referencia á posibilidade da renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación.

Nos expedientes de contratación que se atopen suxeitos a regulación harmonizada, alternativamente poderá declarase deserto o procedemento de licitación cando non se presentaran ofertas ou cando non sexan admisibles de acordo cos criterios que figuran nos pregos.

Nos expedientes de contratación que non se atopen suxeitos a regulación harmonizada, alternativamente poderá declarase deserto o procedemento de licitación cando non se presentaran ofertas, cando non sexan admisibles ou cando, a xuízo do órgano de contratación, de xeito motivado non satisfagan as necesidades da S.A. Xestión CESGA. Con independencia de elo, o órgano de contratación poderá declarar deserto o procedemento de licitación por razóns xustificadas, con referencia aos criterios de adxudicación do contrato que figuren no prego de condicións, decisión que se publicará no perfil do contratante e se notificará aos licitadores que presentaran oferta acompañándolles a resolución completa pola que se adopte o referido acordo.

**20.- Racionalización da contratación.**

A S.A. Xestión CESGA poderá empregar sistemas para a racionalización da contratación de acordo co previsto no artigo 179 e concordantes da LCSP. A tal efecto, poderá subscribir contratos marco, establecer sistemas dinámicos de contratación, centrais de compras ou poxas electrónicas, de acordo co que en cada caso se prevexa nos correspondentes pregos de condicións.

Así mesmo, a S.A. Xestión CESGA poderá adherirse aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Administracións Públicas a través da conclusión do correspondente acordo na forma prevista na LCSP.

**21.- Cuestión de nulidade e recurso especial en materia de contratación.**

Nos supostos previstos no artigo 37 da LCSP, poderase plantexar a interposición da cuestión de nulidade contractual, no prazo de 30 días hábiles, nos termos previstos no artigo 39 da LCSP.

Nos supostos previstos no artigo 310 da LCSP, procederá con carácter potestativo a interposición do recurso especial en materia de contratación previo ao contencioso-administrativo, no prazo de 15 días hábiles, nos termos previstos no artigo 314 da LCSP.

**22.- Modo de solución de controversias e xurisdición competente.**

A orde xurisdicional contencioso-administrativo será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada, incluídos os contratos subvencionados aos que se refire o artigo 17 da LCSP así como os contratos de servizos das categorías 17 a 27 do Anexo II cuxa contía sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído). Tamén coñecerá dos recursos interpostos contra as resolucións que se diten sobre o recurso especial en materia de contratación ao que se refire a Instrución 21.

A orde xurisdicional civil será a competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación e adxudicación dos contratos cando non estean suxeitos a regulación harmonizada.

En canto aos efectos, cumprimento e extinción dos contratos a orde xurisdicional civil será sempre a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción de todos os contratos concertados pola S.A. Xestión CESGA.

A S.A. Xestión CESGA establecerá nos pregos de condicións o modo para resolver as controversias que poidan xurdir en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebre, podendo sinalar unha das posibilidades seguintes:

- Sometemento ao foro xurisdicional dos Xulgados e Tribunais do lugar de celebración do contrato.
- Arbitraxe en dereito, ante a Corte de Arbitraxe das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación da provincia correspondente ao lugar de celebración do contrato ou outras específicas por razón da materia do contrato. En contratos internacionais poderá someter os efectos e a extinción á Corte de Arbitraxe Internacional.

## - CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA -

### 23.- Preparación.

### 23.1.- Limiares.

Os contratos suxeitos a regulación harmonizada son aqueles contratos que quedan sometidos á normativa comunitaria e, por conseguinte, a un procedemento de adxudicación específico axustado aos requirimentos das directivas comunitarias en materia de contratación.

Teñen a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada os contratos que celebre a S.A. Xestión CESGA que se engloben nalgunha das categorías enumeradas nos artigos 13 a 17 da LCSP, e en concreto:

a) Contratos de obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 4.845.000 euros (IVE excluído).

b) Contratos de subministración cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).

c) Contratos de servizos das categorías 1 a 16 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).

d) Os contratos subvencionados a que se refire o artigo 17 da LCSP.

As anteriores contías estarán suxeitas ao réxime de modificación de importes previsto na Disposición Adicional decimoterceira da LCSP.

### 23.2.- Preparación.

A preparación desta clase de contratos esixirá que o expediente de contratación se referira aos seguintes extremos:

1. Memoria xustificativa na que se determine a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas. No caso de que se acuda ao procedemento negociado sen publicidade deberá xustificarse o procedemento de contratación a empregar e, no seu caso, as xestións levadas a cabo que xustifican que non é procedente o trámite de publicidade e promoción da concorrencia.

   Esta Memoria emitirase polo responsable do departamento ou área que teña a necesidade que se pretende satisfacer coa contratación.

2. Xustificación da existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado, mencionando o crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo á que se aboará o prezo, no seu caso. Incorporación do certificado de crédito ou documento que legalmente o substitúa.

3. Prego de condicións que formará parte do contrato e no que figurarán, como mínimo, os seguintes extremos:

   - Determinación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 LCSP).

   - Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 22 LCSP).

   - Definición do obxecto do contrato: O obxecto de contrato será determinado. No prego de condicións poderase prever o fraccionamento en lotes así como a posibilidade de que os licitadores oferten melloras ou variantes, con expresión dos seus requisitos, límites, modalidades e aspectos do contrato sobre os que son admitidas.

   - Referencia á lexislación aplicable ao contrato. Remisión ás presentes Instrucións a efectos de que os licitadores queden vinculados a elas.

   - Identificación do órgano de contratación.

   - Designación, no seu caso, do responsable do contrato.

   - Forma de acceso público ao perfil do contratante do órgano de contratación.

   - Condicións de aptitude esixibles. Incluiranse, no seu caso, as regras aplicables en relación coas empresas comunitarias e non comunitarias, as condicións especiais de compatibilidade, a posibilidade de concorrer en unións e agrupacións de empresarios, así como as causas de prohibición para contratar coa S.A. Xestión CESGA.

   - As condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas de entre as previstas nos artigos 64 a 68 da LCSP.

   - A esixencia de clasificación. Nos supostos do artigo 54 da LCSP, a S.A. Xestión CESGA poderá esixir unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para asinar o correspondente contrato e, no seu caso, unha solvencia de forma subsidiaria para o caso de non dispoñer de clasificación, que fose equivalente a aquela.

     A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivese.

     Non será esixible a clasificación aos empresarios non españois de Estados

membros da Unión Europea, xa concorran ao contrato illadamente ou integrados nunha unión, sen prexuízo da obriga de acreditar a súa solvencia.

- As modalidades de recepción das ofertas. Nos pregos de condicións indicarase a forma de presentación das ofertas (por escrito, mediante medios electrónicos, etc.).

  No caso de que se admita a presentación por medios electrónicos, indicaranse as características e requisitos técnicos dos medios electrónicos, os sistemas admitidos que se han de aplicar nas transmisións, así como o formato dos documentos electrónicos admisibles.

  Cando a forma de presentación sexa por escrito, indicaranse os documentos que deben presentar os licitadores acompañando a súa oferta así como o contido das proposicións.

  Ademais indicarase nos pregos de condicións, así como no anuncio de licitación, a data, e no seu caso a hora, en que se pechará a admisión de candidaturas ou de proposicións, así como o lugar e forma de presentación das mesmas.

- Previsión nos pregos de condicións de que a presentación das proposicións por parte dos interesados supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das condicións contidas nos mesmos, sen salvidade ou reserva ningunha.

- Fixación do orzamento máximo de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado, de conformidade cos artigos 75 e 26 LCSP, e, no seu caso, o cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais contidas no artigo 76 da LCSP.

  Ademais, o pregos conterán a previsión de que a cota correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido ou o tributo que o substitúa, indicarase como partida independente.

- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.

- No seu caso, as garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe desta/s, as formas de presentación e constitución así como o réxime da súa devolución ou cancelación.

- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras.

  Cando se aplique o procedemento negociado indicarase a causa que xustifica a súa aplicación e sinalaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, vaian a ser obxecto de negociación. Cando se aplique o procedemento restrinxido indicaranse os criterios obxectivos de selección das empresas ás que se cursará invitación a presentar oferta.

En canto aos criterios de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre calidade e o prezo así o esixa, nos contratos adxudicados por máis dun criterio de selección, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40 por 100 da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, en cumprimento do disposto no artigo 10.5 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Así mesmo, indicaranse os criterios para valorar o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas.

- A forma de tramitación, sendo a normal a tramitación ordinaria. No caso de que a celebración do contrato sexa necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, estarase ao disposto na Instrución 23.5.5.

- No seu caso, a Mesa de Contratación, especificando a súa composición e réxime de actuacións.

- Previsión sobre o recurso especial de contratación á que se refire a Instrución 21, a previsión expresa de que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto, e a previsión sobre a formalización e perfección do contrato.

- Prazo de duración do contrato, así como das datas estimadas para o comezo da súa execución e, no seu caso, das posibles prórrogas do contrato.

- Pactos, cláusulas e condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos regulado no artigo 25 da LCSP.

- As causas de incumprimento, demora ou execución defectuosa que darán lugar á imposición de penalidades, así como o importe das mesmas en diferentes supostos.

- No seu caso, a posibilidade de que o contrato sexa modificado e as condicións en que poderá producirse a modificación de acordo coas normas e os límites establecidos no artigo 202 da LCSP.

- As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestación, con indicación do procedemento a seguir e, no seu caso, o prazo especial para a súa recepción cando concorran as circunstancias establecidas no artigo 205.2 da LCSP.

- As condicións de pagamento. O órgano de contratación poderá establecer como forma de aboamento do prezo o pagamento único á recepción do

contrato ou mediante pagamentos a conta, indicando a frecuencia destes. Así mesmo, o órgano de contratación poderá dispoñer nos pregos de condicións a posibilidade de aprazamento do pagamento de prezo, fixando nestes as condicións a seguir a tal efecto.

- No seu caso, a posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato, con indicación do índice aplicable a esta.

- No seu caso, as condicións especiais de execución do contrato de acordo co artigo 121.1 da LCSP, coa previsión de que o incumprimento destas constituirá unha infracción grave que poderá provocar, ademais da resolución do contrato, a aplicación da causa de prohibición para contratar prevista no artigo 49.2 letra e) da LCSP.

- Os supostos en que procede a resolución contrato.

- A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.

- O réxime de invalidez do contrato a que se refire o artigo 31 e seguintes da LCSP.

- No seu caso, o prazo de garantía, especificando cando comezará a transcorrer o cómputo deste.

- No seu caso, identificación das prestacións ou tanto por cento destas susceptibles de ser subcontratadas polo contratista e o réxime aplicable á subcontratación.

- Os gastos de publicidade (anuncios de licitación e da adxudicación tanto en boletíns oficiais, como, no seu caso, en outros medios de difusión) que debe aboar o adxudicatario.

- No seu caso, previsión do sometemento a arbitraxe da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato.

- No seu caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio ambiente, ao emprego, e ás condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo.

4. <u>Prego de prescricións técnicas</u> cando se estime pertinente separar do conxunto de cláusulas xurídicas do contrato as características técnicas das prestacións, as súas calidades e a regulación da súa forma de execución nos seus aspectos técnicos. Na redacción dos pregos de prescricións técnicas deben observarse as regras do artigo 101 da LCSP para a definición e establecemento das prescricións técnicas, sendo igualmente de aplicación o disposto nos artigos 102 a 104 da LCSP.

5. Resolución motivada do órgano de contratación aprobando o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

**23.3.- Regras especiais para a preparación de determinados contratos.**

**23.3.1.- Regras aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de obras.**

A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e reformulo do correspondente proxecto de obra no que se definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto de obra corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica.

No suposto de adxudicación conxunta da redacción do proxecto de obra e da execución da obra proxectada, a execución desta quedará condicionada á supervisión, aprobación e reformulo do proxecto de obra polo órgano de contratación. Así mesmo, establecerase nos pregos de condicións que o autor ou autores do proxecto de obra incorrerán en responsabilidade nos termos establecidos nos artigos 286 e 288 LCSP.

Para a clasificación das obras e do contido dos proxectos de obra, serán aplicables os artigos 106 e 107 LCSP.

Cando a elaboración do proxecto sexa contratada integramente polo poder adxudicador establecerase nos pregos que o autor ou autores deste incorrerán en responsabilidade nos termos establecidos nos artigos 286 e 288 LCSP.

Para a contratación conxunta da elaboración do proxecto e a execución das obras correspondentes aplicarase o artigo 108 LCSP.

Antes da aprobación do proxecto de obra, nos mesmos supostos indicados no artigo 109 da LCSP, o órgano de contratación deberá solicitar un informe de supervisión do proxecto.

Aprobado o proxecto de obra e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo deste, de acordo co artigo 110 da LCSP.

**23.3.2.- Regras aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras.**

Na preparación deste tipo de contrato aplicaranse as regras establecidas nos artigos 112 e seguintes da LCSP.

**23.3.3.- Regras aplicables ás actuacións preparatorias dos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.**

Na preparación deste tipo de contrato aplicaranse as regras establecidas nos artigos 118 e seguintes da LCSP.

### 23.4.- Publicidade dos procedementos de licitación.

#### 23.4.1.- Anuncio previo.

A S.A. Xestión CESGA poderá publicar un anuncio de información previa no Diario Oficial da Unión Europea ou no seu perfil de contratante nos termos previstos no artigo 125 da LCSP.

#### 23.4.2.- Anuncio de licitación.

O anuncio de licitación publicarase no Diario Oficial da Unión Europea, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e no perfil do contratante da S.A. Xestión CESGA. Así mesmo, a S.A. Xestión CESGA poderá publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial do Estado ou no Diario Oficial de Galicia así como nalgún medio de prensa ou comunicación.

O envío do anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea será previo a calquera outra publicidade. Os anuncios que se publiquen noutros medios deberán indicar a data daquel envío e non poderán conter indicacións distintas ás incluídas en dito anuncio.

#### 23.4.3.- Anuncio de adxudicación e da formalización do contrato.

A adxudicación publicarase no perfil do contratante da S.A. Xestión CESGA.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante da S.A. Xestión CESGA. Asemade, nun prazo non superior a corenta e oito días dende a formalización do contrato, enviarase ao Diario Oficial da Unión Europea e a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, un anuncio no que se de conta da mesma.

O órgano de contratación poderá non publicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente de contratación, que a divulgación desa información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, ou cando se trate de contratos declarados segredos ou reservados ou cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou cando llo esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado e así se declarara de acordo co artigo 13.2.d) da LCSP.

#### 23.4.4.- Notificación da adxudicación aos candidatos e licitadores.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante (Instrución 23.4.3).

A notificación terá que conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso especial en

materia de contratación (Instrución 21) suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, las razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.
d) Prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

A mesma regra sobre información non publicable que ven recollida na Instrución 23.4.3, aplicarase á notificación da adxudicación.

**23.5.- Adxudicación.**

A adxudicación desta clase de contrato rexerase polas normas do Capítulo I, Título I, Libro III da LCSP coas adaptacións contidas no artigo 174.1 do mesmo texto legal.

**23.5.1.- Criterios de valoración das ofertas.**

De acordo co artigo 134 da LCSP, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato. Cando so se utilice un criterio de adxudicación, este terá que ser, necesariamente, o do prezo máis baixo.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e detallaranse no anuncio de licitación ou nos pregos de condicións.

Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos de condicións.

Cando nunha licitación se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas, a documentación relativa aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor presentarase en sobre independente ao que conteña a documentación relativa aos criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas.

Para a avaliación das ofertas conforme aos criterios que dependan dun xuízo de valor, a S.A. Xestión CESGA poderá estar asistida por un técnico ou técnicos especializados. Respecto do nomeamento e a práctica da valoración por parte dos técnicos colaboradores estarase ao establecido na Instrución 25.5.2.

**23.5.2.- Órganos de Asistencia.**

a) Mesa de Contratación.

Nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade a que se refire o artigo 161.1 da LCSP, o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación, resultando de aplicación o disposto nos artigos 21 e 22 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP (en diante a RLCSP), respecto da súa composición e funcionamento. No resto de procedementos a constitución da Mesa de Contratación será voluntaria para o órgano de contratación.

A composición da Mesa de Contratación figurará no prego de condicións e publicarase no perfil do contratante.

En calquera caso, non poderán formar parte da Mesa de Contratación calquera persoa que estea incursa nalgún dos motivos de abstención recollidos para as autorizades e funcionarios públicos recollidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

b) Colaboración de técnicos.

Nos casos en que o órgano de contratación o estime conveniente, para a avaliación das ofertas segundo os criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor, poderá encomendar esta avaliación a un técnico ou técnicos especializados, resultando de aplicación o disposto nos artigos 29 e 30 do RLCSP.

A designación do técnico figurará no prego de condicións e publicarase no perfil do contratante

**23.5.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.**

A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados, de acordo co previsto nesta Instrución.

Cando o único criterio avaliable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o do seu prezo, para apreciar o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas estarase aos parámetros obxectivos que se establezan nos pregos de condicións.

Nos casos en que para a adxudicación deba considerarse máis dun criterio de valoración, os pregos poderán expresar os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como

consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. En particular, se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación, poderán indicarse no prego de condicións os límites que permitan apreciar, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.

Serán aplicables, polo demais, os números 3 e 4 do artigo 136 da LCSP.

**23.5.4.- Procedementos de adxudicación.**

Por aplicación do artigo 122 da LCSP a adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. Nos supostos enumerados nos artigos 154 a 159 da LCSP poderá seguirse o procedemento negociado, e nos casos previstos no artigo 164 poderá recorrerse ao diálogo competitivo.

Así mesmo, a S.A. Xestión CESGA poderá acudir ao procedemento de poxa electrónica nas condicións previstas no artigo 132 da LCSP.

**23.5.4.1.- Procedemento aberto.**

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar a súa oferta ou proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

1. Prazos para a presentación de ofertas ou proposicións.

   O órgano de contratación fixará os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

   O prazo de presentación de proposicións non será inferior a cincuenta e dous días, contados dende a data do envío do anuncio de licitación á Comisión Europea (Diario Oficial da Unión Europea). Este prazo poderá reducirse en cinco días cando se ofreza acceso por medios electrónicos aos pregos da licitación e a documentación complementaria e, poderá reducirse en sete días máis cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

   No caso de que por razóns de urxencia resultase impracticable o cumprimento dos prazos mínimos establecidos, resultará de aplicación o previsto na Instrución 23.5.5.

2. Exame das proposicións e proposta de adxudicación.

   A Mesa de contratación cualificará previamente a documentación persoal dos licitadores a que se refire o artigo 130 da LCSP. Esta documentación deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición. De existir defectos materiais emendables, concederá un prazo para a súa

emenda non superior a tres días hábiles. Unha vez cualificada a documentación persoal dos licitadores e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións na documentación presentada, a Mesa de Contratación procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección, co pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas de rexeitamento.

Nun prazo non superior a sete días a contar dende a apertura da documentación persoal dos licitadores, a Mesa de Contratación, en acto público, procederá á apertura da documentación relativa aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, dos licitadores admitidos ao procedemento de adxudicación. A data e lugar de celebración do acto serán os previamente indicados no anuncio de licitación ou na convocatoria individual aos licitadores admitidos.

Unha vez realizada a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, procederase á celebración do acto público de apertura de proposicións avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas, o cal realizarase na data e no lugar previamente indicados no anuncio de licitación ou na convocatoria individual aos licitadores admitidos. O acto dará comezo dándose conta das puntuacións asignadas aos criterios dependentes dun xuízo de valor. A continuación procederase á apertura e avaliación das proposicións avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas.

Feitas as anteriores actuacións, a Mesa de contratación emitirá a súa proposta de adxudicación e elevaraa, xunto coas actas das súas reunións, informes técnicos que no seu caso se emitisen, e as propostas dos licitadores, ao órgano de contratación.

Precisarase no prego de condicións que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

3. Clasificación das ofertas.

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación da Mesa de contratación, clasificará, por orde decrecente e atendendo aos criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado na Instrución 25.5.3

4. Requirimento de documentación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (coa Facenda Estatal e Autonómica galega) e coa Seguridade Social; de estar de alta no epígrafe correspondente

do Imposto sobre Actividades Económicas; e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometese a adscribir á execución do contrato, así como o xustificante da constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cosa no prego de condicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a incautación da garantía provisional que constituíra (Instrución 17.1), e a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

5. Adxudicación.

Con carácter previo á adxudicación do contrato, o órgano de contratación comunicará o gasto á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, remitindo o extracto do expediente de contratación.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación á que refírese o epígrafe anterior.

A adxudicación farase en resolución motivada e co contido mínimo establecido na Instrución 23.4.4, que será notificada aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Fronte á adxudicación poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación a que se refire a Instrución 21.

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ao adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación recaerá no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato se tiveran en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar dende a apertura de proposicións avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas, salvo que correspondente prego de condicións se establecera outro.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o artigo 136.3 da LCSP.

De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolvan ou cancelen as garantías provisionais que no seu caso constituíran.

De conformidade co que regulamentariamente se determine en desenrolo da Lei 4/2006, de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o órgano de contratación publicará na súa páxina web, unha vez adxudicado o contrato, información sobre os licitadores, os criterios de selección e a súa valoración, o cadro comparativo das ofertas económicas, a puntuación obtida por cada oferta (detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración), o resumo da motivación da valoración obtida e os datos identificativos do adxudicatario.

6. Formalización do contrato.

O contrato formalizarase na forma e co contido establecidos na Instrución 7.

A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxera recurso especial en materia de contratación que leve aparellada a suspensión da formalización del contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso especial en materia de contratación acordara levantar a suspensión.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, se esixira.

A formalización do contrato estará suxeita a publicidade na forma e nos prazos establecidos na Instrución 23.4.3.

**23.5.4.2.- Procedemento restrinxido.**

No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, a súa solicitude e en atención a súa solvencia, sexan seleccionados polo órgano de contratación. A tramitación do procedemento seguirase conforme ás normas establecidas nos artigos 147 e seguintes da LCSP.

No prego de condicións especificaranse os criterios obxectivos en atención aos cales o órgano de contratación cursará as invitacións para participar no procedemento. O número de empresas a invitar non poderá ser inferior a cinco e non poderá superar as vinte.

Unha vez seleccionadas as empresas participantes requiriráselles para que presenten a súa proposición no prazo que se sinale a tal efecto.

En canto as cuestións relativas ao exame das proposicións e a emisión da proposta de adxudicación por parte da Mesa de Contratación, á clasificación das ofertas e requirimento de documentación ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, e á adxudicación e formalización do contrato, resultará de aplicación o disposto na Instrución 23.5.4.1.

**23.5.4.3.- Procedemento negociado.**

No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles.

O procedemento negociado poderá empregarse nos supostos previstos nos artigos 154 a 159 da LCSP.

O procedemento negociado será obxecto de publicidade previa nos casos previstos no artigo 161 da LCSP, nos que será posible a presentación de ofertas en concorrencia polos empresarios interesados. Nestes casos serán de aplicación as normas contidas nos artigos 147 a 150 da LCSP.

Nos restantes supostos, non será necesario dar publicidade ao procedemento e a concorrencia asegurarase solicitando ofertas a un mínimo de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible. De non ser posible, xustificarase este extremo no expediente de contratación.

No prego de condicións que rexerán a adxudicación polo procedemento negociado, determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, serán obxecto de negociación coas empresas invitadas.

O órgano de contratación negociará cos licitadores as ofertas que estes presenten para adaptalas aos requisitos indicados no prego de condicións e, no seu caso, no anuncio de licitación, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

No expediente de contratación deixarase constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

En canto as cuestións relativas á clasificación das ofertas e requirimento de documentación ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, e á adxudicación e formalización do contrato, resultará de aplicación o disposto na Instrución 23.5.4.1, coa especialidade de que a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

**23.5.5.- Regras procedimentais aplicables en supostos de urxencia.**

No caso de que a celebración do contrato sexa necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, e o órgano de contratación declarase urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente no expediente de contratación, será de

aplicación o previsto no artigo 96.2.b) da LCSP sobre a redución de prazos.

**24.- Contratos de servizos incluídos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído).**

De acordo co artigo 121 da LCSP, os contratos de servizos incluídos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros (IVE excluído), a pesar de non ter a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada, para a preparación destes contratos seralles de aplicación o disposto nos artigos 101 a 104 da LCSP.

A adxudicación destes contratos realizarase de conformidade co previsto para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada, polo que lles resultarán aplicables as previsións destas Instrucións referentes á adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

Non obstante, as decisións que se adopten nos procedementos de adxudicación desta clase de contratos poderán ser obxecto do recurso especial en materia de contratación regulado na Instrución 21.

Será aplicable á formalización destes contratos o disposto nestas instrucións para os contratos suxeitos a regulación harmonizada na instrución 23

## - CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA-

### 25.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada cuxo valor estimado sexa superior a 50.000 euros e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II cuxo valor estimado sexa inferior a 197.000 euros e superior a 50.000 euros.

### 25.1 Preparación.

O expediente de contratación referirase aos seguintes extremos:

1. Memoria xustificativa na que se determine a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas e, no seu caso, as xestións levadas a cabo que xustifican que non é procedente o trámite de publicidade e promoción de concorrencia. Esta Memoria emitirase polo responsable do departamento que teña a necesidade que se pretende satisfacer coa contratación.

   Así mesmo, o responsable do departamento ou área que propoña o inicio do expediente de contratación, deberá elaborar as prescricións técnicas, nas que se recollerán as características das prestacións ou traballos a realizar e os estudos económicos realizados que serviron de base para formación do presuposto.

2. Xustificación da existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado, mencionando o crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.

3. Prego de condicións no que figurarán, como mínimo, os seguintes extremos:

   - Determinación do obxecto do contrato.
   - Referencia á lexislación aplicable ao contrato e xurisdición competente.
   - Identificación do órgano de contratación, incluíndo a forma de acceso ao perfil do contratante e designación, no seu caso, do responsable do contrato.
   - Condicións de aptitude esixibles e documentación a presentar polos licitadores.
   - En particular, as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas. No seu caso, esixencia de clasificación.
   - Prezo do contrato con especificación dos impostos aplicables.
   - O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.
   - No seu caso, garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe da garantía, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación.

- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras.
- Criterios obxectivos de selección dos licitadores que, no seu caso, vaian ser invitados a presentar oferta.
  En canto aos criterios de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre calidade e o prezo así o esixa, nos contratos adxudicados por máis dun criterio de selección, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40 por 100 da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, en cumprimento do disposto no 10.5 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
- Previsión sobre a formalización do contrato.
- Duración e prórrogas do contrato; as datas estimadas para o comezo da súa execución e para súa finalización.
- Pactos, cláusulas e condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos.
- Forma de pagamento e obrigación da emisión de factura.
- Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato.
- No seu caso, condicións de aprazamento do pagamento do prezo.
- No seu caso, condicións especiais de execución do contrato.
- Os supostos nos que procede a resolución.
- A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.
- Previsión, se é o caso, do sometemento a arbitraxe para a solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato.
- Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación nos contratos de traballo.

Atendendo a causas xustificadas debidas á escasa complexidade da contratación, ás súas características ou natureza e á súa importancia económica, será suficiente coa redacción dun prego de condicións máis sinxelo no que, como mínimo, deberán figurar as características básicas do contrato, o réxime de admisión de variantes, as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e garantías que deberán constituír, no seu caso, os licitadores ou o adxudicatario, sendo de aplicación, así mesmo, o disposto no artigo 104 da LCSP.

4. <u>As características ou prescricións técnicas</u> incorporaranse ao prego de condicións, ou en documento separado, nas que se definan as instrucións de orde técnica conforme ás cales terá que executarse as prestacións polo contratista.

5. <u>Resolución</u> do órgano de contratación aprobando o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, serán aplicables a estes contratos as previsións establecidas nas Instrucións números 23.3.1. e 23.3.2 en relación á preparación dos contratos de obras e dos contratos de concesión de obras.

**25.2.- Publicidade.**

Nesta clase de contratos o anuncio de licitación publicarase no perfil do contratante e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, cando se tramite a adxudicación polo procedemento aberto ou restrinxido, e unicamente no perfil do contratante cando se tramite polo procedemento negociado. Con carácter voluntario, o órgano de contratación poderá publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial do Estado ou no Diario Oficial de Galicia así como nalgún medio de prensa ou comunicación, sendo por conta do adxudicatario o custo dos mesmos.

De acordo co artigo 10.2 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, a publicidade na páxina web da entidade terá o seguinte contido mínimo: o obxecto do contrato; o seu prezo; a referencia do diario oficial en que se publicou o anuncio, no seu caso; a data de finalización do prazo de recepción de ofertas ou solicitudes de participación; o lugar onde estas terán que ser presentadas; e os pregos de condicións e prescricións técnicas.

**25.3.- Adxudicación.**

De acordo co artigo 175 da LCSP, o procedemento de adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada deberán respectar e garantir os principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación. O contrato será adxudicado á proposición economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación dará aos licitadores un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa actuación ao principio de transparencia.

**25.3.1.- Criterios de valoración de ofertas.**

Será aplicable o disposto no artigo 134 da LCSP para os criterios de valoración de ofertas, se ben non será necesaria a constitución do comité de expertos previsto nese precepto.

Será preciso efectuar unha avaliación separada das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e a daqueles outros criterios en que non concorra esta circunstancia.

Será de aplicación o disposto nas instrucións 23.5.2, respecto dos órganos de asistencia ao órgano de contratación, e 23.5.3, respecto das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

**25.3.2.- Procedementos de adxudicación.**

A adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. En iguais supostos aos enumerados na LCSP, poderá seguirse o procedemento negociado, e nos casos previstos no artigo 164 poderá empregarse o diálogo competitivo.

Será de aplicación o establecido na Instrución 23.5.4, se ben pola menor complexidade e importancia económica desta clase de contratos, teranse en conta os seguintes aspectos específicos:

1. Prazos de presentacións das proposicións.

   * Nos procedementos abertos:

   O prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a publicación do anuncio de licitación, salvo nos contratos de obras, en que o prazo será, como mínimo, de vinte e seis días.

   Os prazos indicados poderán reducirse á metade en caso de declaración de urxencia, aínda que o prazo mínimo non poderá ser inferior en ningún caso a 10 días, de acordo co artigo 10 da Lei 10/1996, de 5 novembro, de actuación en materia de persoal e contratación das sociedades públicas que ten participación maioritaria a Xunta.

   Poderase aplicar un prazo de presentación de proposicións de 10 días naqueles supostos en que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

   * Nos procedementos restrinxidos:

   O prazo de recepción das solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días, contados dende a publicación do anuncio.

   O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a data de envío do convite. Nos casos de urxencia poderase reducir a 10 días.

   Poderase aplicar un prazo de presentación de proposicións de 10 días naqueles supostos en que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

   * Nos procedementos negociados:

   Serán de aplicación ao procedemento negociado, nos casos en que se proceda á publicación de anuncios de licitación, os prazos previstos para os procedementos restrinxidos.

2. Presentación e recepción de ofertas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixese individualmente. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á desestimación de todas as proposicións por este presentadas.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de condicións, e a súa presentación supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das condicións nel contidas, sen salvidade ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.

No prego de condicións establecerase a forma de presentación das ofertas (por escrito, mediante medios electrónicos, etc.).

No caso de que se admita a presentación por medios electrónicos, indicaranse as características e requisitos técnicos dos medios electrónicos, os sistemas admitidos que se han de aplicar nas transmisións, así como o formato dos documentos electrónicos admisibles.

Cando a forma de presentación sexa por escrito, indicaranse os documentos que deben presentar os licitadores acompañando a súa oferta así como o contido das proposicións.

Ademais indicarase no prego de condicións ou no anuncio de licitación, a data, e no seu caso a hora, en que se pechará a admisión de candidaturas ou de proposicións, así como o lugar de presentación destas.

No prego de condicións preverase a forma de presentación das ofertas por parte dos licitadores. As formas normais serán a presentación no Rexistro Interno da S.A. Xestión CESGA, ou por correo certificado urxente con notificación de recibo, dentro do prazo de admisión de ofertas, se ben o licitador deberá xustificar a imposición do envío na oficina de Correos, no que constará a data e hora e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día. Tamén, no caso de que así se prevexa no prego de condicións, poderá anunciarse por correo electrónico. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos indicados para a presentación das ofertas por correo certificado, non será admitida a proposición se é recibida no Rexistro Interno da S.A. Xestión CESGA con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio de licitación. Así mesmo, transcorridos cinco días naturais sen recibirse a documentación, esta non será admitida aínda que se reciba efectivamente con posterioridade. Non obstante, no prego de condicións establecerase a forma de presentación das ofertas.

3. Procedemento aberto.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar a súa oferta ou proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

* Exame das proposicións e proposta de adxudicación.

A mesa de contratación cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 130 LCSP, que deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición, e procederá posteriormente á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario.

En todo caso, a apertura das proposicións realizarase en acto público. Cando se establezan criterios cualitativos e cuantitativos de adxudicación, a apertura das propostas cualitativas e cuantitativas realizarase en actos públicos separados. Nestes casos, o acto público de apertura das propostas cuantitativas comezará dándose conta das puntuacións asignadas ás propostas cualitativas.

A apertura das proposicións cualitativas deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas.

Para a avaliación das propostas cualitativas, a Mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

Farase constar nos pregos que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto. No obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

* Clasificación das ofertas e requirimento de documentación.

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación da Mesa de contratación, clasificará, por orde decrecente e atendendo aos criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (coa Facenda Estatal e Autonómica galega) e coa Seguridade Social; de estar de alta no epígrafe correspondente

do Imposto sobre Actividades Económicas; e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometese a adscribir á execución do contrato, así como o xustificante da constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cosa no prego de condicións.

Cando o único criterios a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a incautación da garantía provisional que constituíra (Instrución 17.1), e a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

* Adxudicación.

Con carácter previo á adxudicación do contrato, o órgano de contratación comunicará o gasto á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, remitindo o extracto do expediente de contratación.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación á que refírese o epígrafe anterior.

A adxudicación farase en resolución motivada que será notificada aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

O órgano de contratación poderá non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que concorren as circunstancias salientadas na Instrución 23.4.3.

O órgano de contratación indicará no prego de condicións o sistema e a forma de comunicacións que se han de seguir durante o procedemento de adxudicación e durante a execución do contrato. A comunicación da adxudicación aos distintos licitadores poderá efectuarse por calquera medio que deixe constancia da súa recepción (incluíndo o correo electrónico).

Así mesmo, o órgano de contratación, de conformidade co que regulamentariamente se determine en desenvolvemento da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, publicará na súa web a información prevista no artigo 10.3 desta norma legal segundo xa se indicou na sección referida aos contratos suxeitos a regulación harmonizada (Instrución 23).

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ao adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación recaerá no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato se tiveran en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de cinco meses a contar dende a apertura de proposicións cualitativas, non avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas, salvo que no correspondente prego de condicións se establecera outro.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o artigo 136.3 da LCSP.

De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolvan ou cancelen as garantías provisionais que no seu caso constituíran.

* Formalización do contrato.

O contrato formalizarase na forma e co contido establecidos na Instrución 7.

A formalización do contrato non poderá efectuarse máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, se esixira.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante.

4. <u>Procedemento restrinxido.</u>

No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, a súa solicitude e en atención a súa solvencia, sexan seleccionados polo órgano de contratación.

No prego de condicións especificaranse os criterios obxectivos en atención aos cales o órgano de contratación cursará as invitacións para participar no procedemento. O número de empresas a invitar non poderá ser inferior a cinco e non poderá superar as vinte.

Unha vez seleccionadas as empresas participantes requiriráselles para que presenten a súa proposición no prazo que se sinale a tal efecto.

En canto as cuestións relativas ao exame das proposicións e a emisión da proposta de adxudicación por parte da Mesa de Contratación, á clasificación das ofertas e requirimento de documentación ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, e á adxudicación e formalización do contrato, resultarán de aplicación as mesmas regras que as prevista para o procedemento aberto previstas no epígrafe anterior.

5. Procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante.

Este procedemento, sen prexuízo de utilizar o procedemento aberto ou restrinxido cando se estime oportuno, poderá utilizarse para os contratos comprendidos nas seguintes contías:

- Nos contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a 50.000 (IVE excluído) e inferior a 1.000.000 euros (IVE excluído).
- No resto dos contratos cuxo valor estimado sexa superior a 50.000 (IVE excluído) e inferior a 100.000 euros (IVE excluído).

No anuncio de licitación que se publicará no perfil do contratante farase constar, como mínimo, unha breve descrición das características esenciais do contrato a adxudicar, así como os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, vaian a ser obxecto de negociación coas empresas e sinalarase o prazo no que, de conformidade co establecido no prego de condicións, os posibles interesados, poderán presentar as súas solicitudes de participación, e unha vez recibidas, o órgano de contratación seleccionará, de conformidade cos criterios de selección establecidos no prego de condicións, polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Con carácter previo ao anuncio de licitación, o órgano de contratación deberá establecelos criterios obxectivos de solvencia, podendo admitirse outros medios de proba de solvencia, debidamente especificados no prego de condicións, distintos dos previstos nos artigos 64 a 68 da LCSP, conforme aos cales serán elixidos os candidatos que serán invitados a presentar proposicións.

No prego de condicións constarán expresamente os requisitos de capacidade e aptitude que deberán ser acreditados polos licitadores, así como os aspectos concretos que vaian a ser obxecto de negociación, debidamente relacionados coas necesidades que se pretendan cubrir e co obxecto do contrato.

Unha vez seleccionados os candidatos, estes presentarán as súas ofertas dentro do prazo fixado na invitación que curse o órgano de contratación, e procederase a negociar con estes os aspectos económicos e técnicos fixados no prego de condicións, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

A órgano de contratación poderá nomear un membro do seu persoal como encargado das negociacións coas empresas licitadoras, sen prexuízo de posibilidade de constituír a Mesa de Contratación.

A negociación se levará a cabo nos termos previstos no artigo 162 da LCSP.

No expediente de contratación deixarase constancia das solicitudes de participación recibidas, das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento, das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e da valoración das mesmas.

En canto as cuestións relativas á clasificación das ofertas e requirimento de documentación ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, e á adxudicación e formalización do contrato, resultarán de aplicación as mesmas regras que as prevista para o procedemento aberto previstas nesta Instrución, coa especialidade de que a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

6. Procedemento negociado sen publicidade.

   Poderase utilizar o procedemento negociado sen publicidade, sen que sexa necesaria a publicidade e limitando no seu caso a concorrencia, nos mesmos supostos previstos na normativa do sector público con carácter xeral para as Administracións Públicas, así como cando o valor estimado do contrato sexa igual ou inferior a 50.000 euros, IVE excluído. Os trámites desta modalidade procedimental son os establecidos na Instrución 26.

**25.4.- Tramitación de urxencia.**

No caso de que a celebración do contrato sexa necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou resulte preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar a urxencia na súa contratación. Nestes casos, os prazos para a licitación e adxudicación do contrato reduciranse á metade.

**26.- Contratos, salvo os de obras, de valor estimado igual ou inferior a 50.000 euros (IVE excluído).**

Nos contratos comprendidos entre 18.000 euros (IVE excluído) e 50.000 euros (IVE excluído), excepto no contrato de obras, o órgano de contratación empregará con carácter xeral o procedemento negociado sen publicidade, sen prexuízo de que poida escoller outro dos procedementos de adxudicación previstos nestas Instrucións.

O expediente de contratación conterá a seguinte información e documentación:

1. Memoria de necesidade elaboradora polo responsable do departamento ou área solicitante da contratación, na que se recollan as necesidades que vai cubrir o contrato, as características deste e o importe máximo de licitación.

2. Xustificación da existencia de crédito suficiente.

3. Definición das bases de negociación. O órgano de contratación elaborará un prego de condicións no que se recollan os requisitos para a oferta, o cal contará coa seguinte información:

   - Determinación do obxecto do contrato.
   - Prezo do contrato con especificación dos Impostos aplicables.
   - Duración e prórrogas do contrato.

- Documentación a presentar polos licitadores e forma, prazo e lugar de presentación das ofertas.
- Lugar e prazo de execución do contrato.
- Forma de pagamento e obrigación da emisión de factura.
- Aspectos que serán obxecto de negociación cos licitadores.

4. Resolución do órgano de contratación aprobando o gasto e o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

5. Xustificante do envío de invitacións a participar na licitación, como mínimo, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto de contrato, sempre que isto sexa posible. O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a quince días.

6. Memoria de actuacións na negociación cos licitadores dos termos do contrato. O órgano de contratación poderá nomear a un membro do seu persoal como encargado das negociacións coas empresas licitadoras.

7. Clasificación das ofertas por orde decrecente e atendendo aos criterios de adxudicación establecidos nas bases de negociación.

8. Requirimento de documentación ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo máximo de 3 días hábiles dende a súa recepción, a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP que lle reclame o órgano de contratación, así como constituír a garantía que, no seu caso, sexa procedente.

9. Comunicación a Intervención Xeral do gasto.

10. Resolución de adxudicación, que ditarase dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida ao adxudicatario. En todo caso, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar dende a finalización do prazo para a presentación de ofertas, que de non producirse dentro do mesmo dará dereito aos licitadores a retirar a súa proposición e a que se lles devolvan ou cancelen as garantías provisionais que no seu caso constituíran. A adxudicación comunicarase aos licitadores na forma establecida no prego de condicións.

11. Formalización do contrato, na forma e co contido establecidos na Instrución 7. A formalización do contrato efectuarase no prazo máximo de quince días hábiles dende a comunicación da adxudicación.

12. Publicidade do resultado da adxudicación: Trala formalización do contrato publicarase no perfil do contratante información prevista no artigo 10.3 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración

Pública Galega, segundo xa se indicou na sección referida aos contratos suxeitos a regulación harmonizada (Instrución 23).

**27.- Contratos menores.**

Considéranse contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, IVE excluído, cando se trate de contratos de obras, ou de importe inferior a 18.000 euros, IVE excluído, cando se trate doutros contratos.

Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación necesaria para realizar a prestación.

Neste tipo de contratos, a tramitación do expediente de contratación esixirá:

- Certificado da existencia de crédito suficiente ou documento que legalmente o substitúa.
- Aprobación do gasto polo órgano de contratación.
- Incorporación ao expediente da factura correspondente, que deberá cumprir cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- No caso de contratos de obra, o orzamento das obras e, nos casos en que así veña esixido, o proxecto da obra.

Neste tipo de contratos a factura fará as veces de documento contractual, a non ser que o órgano de contratación decida formalizar o contrato.

Os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin serán prorrogables. Tampouco poderá darse a revisión de prezos.

## - EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS -

### 28.- Facturación, pagamento e transmisión dos dereitos de cobro.

O contratista terá dereito ao aboamento da prestación realizada nos termos establecidos no contrato, conforme ao prezo convido.

O pagamento do prezo poderá facerse de xeito total ou parcial, mediante aboamentos a conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pagamento en cada un dos vencementos que se estipulasen.

O contratista terá tamén dereito a percibir aboamentos a conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos de condicións, debéndose asegurar os referidos pagamentos mediante a prestación de garantía.

As condicións de facturación e pagamento figurarán no prego de condicións ou no contrato, dentro dos límites establecidos na normativa aplicable.

Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se presente a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercadorías ou á prestación de servizos, o prazo contarase dende a devandita data de recepción ou prestación.

Os contratistas que teñan dereito de cobro fronte á S.A. Xestión CESGA, poderán ceder o mesmo nos supostos e nas condicións legal ou regulamentariamente establecidas.

Establecerase nos pregos de condicións que para que a cesión do dereito de cobro sexa efectiva fronte á S.A. Xestión CESGA, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a este do acordo de cesión.

### 29.- Reserva no contrato do dereito potestativo de modificación e resolución.

O órgano de contratación reservarase expresamente nos pregos, ou cando estes non sexan necesarios, no contrato, a facultade de modificalos por razóns de interese público así como dalos por resoltos, de acordo co establecido nas presentes instrucións.

### 30.- Modificación do contrato.

Os contratos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos caso e na forma prevista no título V do libro I da LCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 195 da mesma lei.

Nestes casos, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 140 da LCSP.

**31.- Suspensión.**

A S.A. Xestión CESGA, por razóns xustificadas, poderá suspender, total ou parcialmente, a execución do contrato, sen prexuízo da compensación que, no seu caso, puidese corresponder ao contratista cando a dita suspensión non lle fose imputable.

**32.- Cesión e subcontratación do contrato.**

O adxudicatario poderá ceder os dereitos e obrigas dimanantes do contrato a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen a razón determinante da adxudicación do contrato.

Para que o adxudicatario poida ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a S.A. Xestión CESGA autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato.
- Que o cesionario teña capacidade para contratar e a solvencia que resulte esixible en cada caso concreto, se encontre debidamente clasificado no caso de que a mesma fora esixida ao cedente, e non estar incurso en causa de prohibición de contratar coa S.A. Xestión CESGA.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, salvo que o contrato ou os pregos de condicións dispoñan o contrario ou que pola súa natureza e condicións se deduza que aquel debe ser executado directamente polo adxudicatario. A celebración dos subcontratos someterase nos pregos de condicións ao cumprimento dos requisitos e réxime indicados no artigo 210 LCSP.

Tanto nos supostos de cesión como de subcontratación, a S.A. Xestión CESGA dará a debida publicidade a estas circunstancias xunto coas razóns que xustifican tal decisión, identificando aos cesionarios e subcontratistas e as condicións dos acordos acadados entre o contratista e aqueles, agás que a divulgación desta información constitúa un obstáculo para aplicar a lexislación, sexa contraria ao interese público ou prexudique aos intereses comerciais lexítimos dos operadores económicos públicos ou privados, ou poida prexudicar a competencia leal entre eles, debendo motivarse a concorrencia destas circunstancias en cada caso.

**33.- Cumprimento dos contratos e recepción da prestación. Prazo de garantía.**

O prego de condicións disporá que o contrato se entenderá cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos, a totalidade da prestación.

En todo caso, a súa constatación esixirá por parte do órgano de contratación un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de condicións por razón das súas características.

No prego de condicións e, no seu caso, no contrato que se formalice, fixarase un prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte do órgano de contratación, salvo os supostos nos que se estableza outro prazo noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos nos que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego de condicións.

Agás nos contratos de obras, aos que se lles aplicará o disposto no artigo 218 LCSP, dentro do prazo dun mes, a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse, e ser notificada ao contratista, a liquidación correspondente do contrato, e aboarse, no seu caso, ao contratista o saldo resultante. No caso de que se produza demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir xuros de mora e a indemnización polos custos nos que incorrese para o cobramento, debidamente xustificados, nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

**34.- Penalidades.**

De acordo co previsto no artigo 1152 do Código Civil, no prego de condicións poderán preverse penalidades para o caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso da prestación obxecto deste ou das condicións especiais de execución do contrato que se establecesen. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior á porcentaxe que sobre o importe da adxudicación se sinale nos pregos de condicións.

O contratista estará obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva e polo tanto, a imposición de penalidades poderá estar referida á demora na execución do contrato, ben sexa por atrasos nos prazos parciais ou no prazo total. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte do órgano de contratación.

Tamén se poderán impoñer penalidades por incumprimento das condicións que para a cesión e/ou a subcontratación se establecen na Instrución 32.

O procedemento para a imposición de penalidades será o seguinte:

1. O órgano de contratación comunicará por escrito ao contratista a proposta de penalización coa enumeración dos feitos que a motiven.
2. O contratista disporá dun prazo de dez días naturais, contados a partir da recepción da comunicación anterior, para prestar as alegacións que estime oportunas.

3. Unha vez recibidas as alegacións do contratista ou expirado o prazo sen que se reciban, o órgano de contratación resolverá acordando ou non a penalización, que deberá notificarse no prazo de quince días naturais a contar dende o día en que adopte a dita resolución.

Os pregos de condicións establecerán as penalidades aplicables, a súa valoración, gradación no seu caso, e a forma de aboamento que poderá contemplar a dedución das cantidades que en concepto de pagamento total ou parcial deban aboarse ao contratista, mediante compensación dos pagamentos que proceda realizar ao contratista, ou ben mediante incautación da garantía definitiva que no seu caso se constituíse polo contratista, en cuxo caso quedará obrigado a repoñela ao seu importe inicial.

Poderá facerse constar nos pregos que cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do tanto por cento do prezo do contrato que se fixe nos pregos, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causas imputables a este, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de condicións.

Nos supostos a que se refiren os apartados anteriores, se o poder adxudicador optase pola resolución esta deberá acordarse polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista.

Nos casos en que o atraso na execución fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos, o órgano de contratación poderá outorgarlle unha prórroga.

## 35.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución dos contratos asinados pola S.A. Xestión CESGA, sen prexuízo doutras concretas que se poidan establecer nos pregos de condicións, as seguintes:

- A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual nos supostos nos que non fose posible a continuación do contrato cos herdeiros ou sucesores daquel ou a extinción da personalidade xurídica da entidade contratista.

  Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou co resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes deste. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas, continuará o contrato coa entidade resultante ou beneficiaria, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes deste, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación.

- O incumprimento culpable das obrigas que os pregos de condicións consideren esenciais.

- A demora do contratista no cumprimento dos prazos contractuais.

- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

- Non dispoñer dos medios que, en fase de acreditación da súa solvencia, se comprometera a ter a súa disposición para a execución do contrato.

- Superar o 20 por 100 do importe do contrato na aplicación de penalidades ou, no seu caso, do porcentaxe que establezan os pregos de condicións.

- A falta de pagamento do prezo, por parte da S.A. Xestión CESGA, nos prazos establecidos.

- Mutuo acordo das partes.

- Nos casos en que se produza a sucesión de empresas, cando a empresa subrogada na posición do contratista inicial non dispoña da solvencia esixida ao acordarse a adxudicación.

Cando a resolución do contrato se deba a un incumprimento culpable do contratista levará aparellada a execución da garantía definitiva, debendo tamén o contratista resarcir á S.A. Xestión CESGA dos danos e perdas que como consecuencia resolución se lle causasen.

**36.- Aplicación e efectos das causas de resolución.**

Nos pregos establecerase que a declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación, darán sempre lugar á resolución do contrato. En caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, a S.A. Xestión CESGA potestativamente continuará o contrato se o contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquel para a súa execución.

Nos restantes casos, a resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a esta, sen prexuízo de que, nos supostos de modificacións que excedan o 20 por 100 do prezo inicial do contrato, a S.A. Xestión CESGA tamén poida instar a resolución.

Os pregos farán constar expresamente que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á S.A. Xestión CESGA os danos e prexuízos ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada.

**37.- Indemnización de danos e prexuízos.**

Establecerase nos pregos que será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da S.A. Xestión CESGA, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a S.A. Xestión CESGA responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por este no contrato de obras ou no de subministración de fabricación.

**38.- Principio de risco e ventura.**

Os pregos de condicións conterán a previsión de que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista, se prexuízo do pactado nas cláusulas de repartición de risco que se inclúan nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

**39.- Confidencialidade.**

A S.A. Xestión CESGA comprométese a non divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial. Este carácter afecta, en particular, aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos das ofertas.

Así mesmo, o contratista deberá respectar a confidencialidade daquela información á que teña acceso durante a execución do contrato. O deber de confidencialidade manterase durante o prazo que se sinale nos pregos de condicións ou, no seu caso, no contrato que se formalice.

Consecuentemente, queda expresamente prohibida a reprodución, distribución, comunicación, transformación, posta a disposición ou calquera tipo de manipulación da información confidencial da S.A. Xestión CESGA, contida tanto en soportes informáticos como en soportes convencionais, a ningunha terceira persoa física ou xurídica, de forma gratuíta ou onerosa.

O contratista será responsable do cumprimento das obrigas de confidencialidade do persoal ao seu servizo e de calquera persoa ou entidade que sexa colaboradora ou subcontratada por elas.

O contratista só poderá permitir o acceso á información confidencial a aquelas persoas que teñan necesidade de coñecela para o desenvolvemento das actividades e servizos contratados.

## 40.- Normas especiais para contratos de obras, concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, subministracións, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado.

### 40.1.- Contrato de obras.

Nos pregos dos contratos de obras estableceranse regras análogas ás indicadas na LCSP en canto a: a comprobación do reformulo (212 LCSP); execución das obras e responsabilidade do contratista (213 LCSP); certificacións e abonos en conta (215 LCSP), sen prexuízo da posibilidade de establecer o sistema de retribución a tanto alzado aplicando o réxime do artigo 216 LCSP; modificación do contrato de obras (217 LCSP), sendo competente o órgano de contratación para acordar o establecido no número 4 do precepto; recepción e prazo de garantía (218 LCSP); responsabilidade por vicios ocultos (219 LCSP); causas de resolución e efectos (220, 221 e 222 LCSP).

### 40.2.- Contrato de concesión de obras e de servizos.

Nos pregos dos contratos de concesión de obras procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 223 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas no artigo 232, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.

Nos pregos dos contratos de concesión de servizos procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 252 e seguintes, salvo o referido aos poderes de policía e as prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.

### 40.3.- Contrato de subministración.

Nos pregos dos contratos de subministración procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 266 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.

### 40.4.- Contrato de servizos.

Nos pregos dos contratos de servizos procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 277 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.

En particular, estableceranse un réxime contractual e cláusulas de salvagarda tendentes a evitar que á extinción dos contratos de servizos se produza a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante.

A autorización excepcional de contratos de servizos por un prazo de vixencia superior a catro anos prevista no artigo 279.1 LCSP poderá ser autorizada polo órgano de contratación.

**40.5. Contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.**

Estarase para a celebración destes contratos ao disposto nos artigos 289 e 290 da LCSP.

## - DISPOSICIÓNS FINAIS -

### 41.- Idioma.

Ao abeiro do establecido na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e coa finalidade de fomentar o uso de galego nas actividades mercantís, as empresas licitadoras e contratistas fomentarán o emprego do idioma galego nas relacións coa S.A. Xestión CESGA que se deriven do procedemento de adxudicación e da posterior execución dos contratos.

### 42.- Cómputo de prazos.

Os prazos establecidos por días nas presentes Instrucións entenderanse referidos a días naturais, salvo que nas mesmas se indique expresamente que só deben computarse os días hábiles. Non obstante, se o último día do prazo fose inhábil, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

### 43.- Aplicabilidade das presentes Instrucións.

As presentes Instrucións serán aplicables dende a súa publicacións no perfil do contratante da S.A. Xestión CESGA, aplicándose a aqueles expedientes de contratación que se inicien con posterioridade á devandita data.

As modificacións das presentes Instrucións deberán ser aprobadas seguindo o procedemento aplicable e inseriranse inmediatamente, logo da súa aprobación, no perfil do contratante da páxina web de S.A. Xestión CESGA, momento a partir do cal despregarán os seus efectos.

### 44.- Novas tecnoloxías.

Sen prexuízo de que as presentes Instrucións garanten o cumprimento das regras e principios recollidos nos artigos 174 e 175 da LCSP, a S.A. Xestión CESGA adoptará as medidas necesarias para que se incorporen de forma paulatina os medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos seus procedementos de contratación, ata acadar unha tramitación integramente electrónica.